



REFORZOS EDUCATIVOS ESO-BACHARELATO CURSO 2018/2019

- **Clases voluntarias** de reforzo en grupos reducidos que oferta de maneira gratuíta o centro **fóra do horario lectivo** (polas tardes, de martes a xoves), dende mediados de outubro ata finais de maio, como medida para:
 - Axudar ao alumnado a **superar**, canto antes, as **materias pendentes** de cursos anteriores e continuar co desenvolvemento normal das materias no curso actual.
 - Favorecer o acceso do alumnado á **promoción e titulación** en Secundaria e Bacharelato.
 - Axudar a **superar** as **materias instrumentais** a aqueles alumnos, preferentemente de **4ºESO e Bacharelato**, que presenten dificultades nelas, unha vez tomada a decisión polo equipo docente e como medida extraordinaria en xunta de avaliación.

- **Materias impartidas** nas clases de reforzo: Lingua Castelá, Inglés, Matemáticas e Física-Química.

- **Proceso:**
 - Na **primeira avaliación**, as clases ofertaranse **só** aos **alumnos con materias pendentes** de cursos anteriores. As familias deberán asinar a conformidade ou non conformidade con este ofrecemento.

 - **A partir da segunda avaliación**, ofreceranse estas clases aos **alumnos de 4ºESO e Bacharelato** con dificultades nesas materias que, **en xunta de avaliación**, sexan **propostos polo equipo docente**. Atendendo ao alumnado nesta situación e ás **posibilidades** de persoal do centro, ampliarase a **oferta ao resto dos cursos de Secundaria**. As familias deberán asinar a conformidade ou non conformidade con este ofrecemento.

- **Requisitos** que deben cumprir os **alumnos** que asistan a estas clases de reforzo:
 - **Aproveitamento das clases ordinarias e de reforzo:** asistencia (a familia do alumno terá que xustificar debidamente as súas ausencias e non poderá ausentarse de maneira xustificada máis do 30% de días de clase), puntualidade, interese e traballo (exercicios e material).
 - **Actitude e comportamento positivos nas clases ordinarias e de reforzos** (non acumulación de ningunha falta grave de disciplina nin nas clases de reforzo nin no curso actual en calquera das materias cursadas).
 - **Uniformidade:** os alumnos de ESO deberán acudir a estas clases correctamente uniformados.

Responsable da Coordinación dos Reforzos ESO/BACH: Guadalupe Martínez